

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O LABORATORIO INTERPROFESIONAL GALEGO DE ANÁLISE DO LEITE (LIGAL) PARA A REALIZACIÓN DAS ANÁLISES DE MOSTRAS DE LEITE PROCEDENTES DO CONTROL LEITEIRO OFICIAL DO GANDO VACÚN DE GALICIA NAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS PARA O PERÍODO 2025-2028.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dona María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Don Roberto Lorenzana Fernández, actuando en nome e representación do Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), CIF G15228141, na súa condición de Director Xerente, tal como se acredita na escritura de apoderamento número 2.447 do ano 2013, outorgada ante Óscar Manuel López Doval, notario de Betanzos.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería.

Segundo. Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural é competente no desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, así como na execución das medidas de apoio ao sector lácteo e





gandeiro de Galicia, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural. En particular, a Comunidade Autónoma de Galicia é responsable do funcionamento do control leiteiro oficial, executado a través das entidades de control leiteiro oficialmente autorizadas.

Terceiro. O Real decreto 663/2023, de 18 de xullo, polo que se regula o control do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina e se establecen as bases reguladoras das subvencións ao control do rendemento leiteiro sinala no artigo 7º a necesidade de que as entidades de control leiteiro para poder ser autorizadas deben de contar, polo menos, cos servizos dun laboratorio de control leiteiro para realizar as análises cualitativas das mostras de leite, o cal deberá estar acreditado conforme as normas UNE-EN-ISO que sexan de aplicación, e deberá actuar de forma coordinada co laboratorio nacional de referencia.

Cuarto. O Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial en Galicia, no seu artigo 3º, designou ao Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), como laboratorio oficial para realizar as análises das mostras de leite dos controis leiteiros oficiais de todas as especies en Galicia, e, polo tanto, para colaborar coas entidades de control leiteiro autorizadas e coa Consellería do Medio Rural na execución do control leiteiro na comunidade autónoma.

Quinto. As actividades a desenvolver enmárcanse no disposto no Real decreto 663/2023, de 18 de xullo, polo que se regula o control do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina e se establecen as bases reguladoras das subvencións ao control do rendemento leiteiro e se modifican diversos reais decretos en materia agraria así como no Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial en Galicia.

Sétimo. O sector lácteo ocupa unha posición estratéxica no agro galego. Para seguir mantendo esta relevancia e mellorar a súa competitividade é preciso que a gandería de aptitude leiteira acade ratios de produtividade e excelencias sanitarias, de manexo e benestar animal comparables cos mellores estándares europeos. A súa importancia xustifica a intervención pública en aras ao mantemento dunha actividade que representa unha alta porcentaxe da produción final agraria galega e do emprego no rural.

Para isto, é necesario que se actualicen os medios de produción, incorporando as novas tecnoloxías e avances científicos. Entre eles, destaca a mellora xenética, un elemento imprescindible para a competitividade das explotacións leiteiras ao ser a ferramenta que permite dispoñer de exemplares cun valor xenético comprobado que permitan unha produción leiteira sostible e o control leiteiro oficial é o pilar fundamental no que se asentán os programas de selección xenética do gando bovino leiteiro.





Os datos relativos ás femias produtoras, obtidos a partir das análises das mostras de leite mediante un sistema organizado para a súa recollida, proporcionan a información necesaria para a avaliación xenética dos reprodutores, sen a que non sería posible o desenvolvemento do Programa de Mellora Xenética de Frisón de Galicia, auspiciado pola Consellería do Medio Rural, xa que practicamente toda a produción láctea galega provén de animais desta raza.

Con estas premisas, a Xunta de Galicia colaborará activamente co LIGAL na xestión do control leiteiro, entre outras funcións descritas no presente convenio, asumindo a parte dos custos das analíticas que, alén dos gandeiros en control, redundan nun beneficio do sector leiteiro galego no seu conxunto.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as condicións de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), para a realización das análises das mostras de leite correspondentes ao control do rendemento leiteiro oficial para a avaliación xenética na especie bovina na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co sinalado no Real decreto 663/2023 de 18 de xullo, e a súa participación no Programa de mellora xenética de Frisón para o período 2025-2028.

SEGUNDA. Obrigas do LIGAL

O LIGAL, como laboratorio oficial designado para a realización das análises das mostras de leite dos controis leiteiros oficiais comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

1. Realizar as analíticas do número de mostras que corresponda anualmente:

Para determinar o número de mostras a analizar cada ano, téñense en conta as lactacións para a distribución territorial. De acordo co Real decreto 663/2023 do 18 de xullo, sería aquela lactación cuxa información de produción e, no seu caso, de composición, fose incorporada por vez primeira durante o ano tomado como referencia á avaliación xenética dos animais contemplada no programa de cría aprobado oficialmente para a raza. Dita lactación deberá ser calculada a partir dos datos obtidos do control de rendemento leiteiro dunha femia rexistrada no libro xenealóxico dunha raza recoñecida no Catálogo Oficial de Razas de Gando de España.





Esta información obtense en base aos datos oficiais de rendemento leiteiro do ano anterior e a certificación oficial xerada a través da aplicación informática ARCA (Sistema Nacional de Información de Razas) antes do 31 de marzo de cada ano, e remitida ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de acordo co establecido no Artigo 17 alínea 1 do Real decreto 663/2023 do 18 de xullo.

O número de mostras resultará de multiplicar as lactacións para a distribución territorial certificadas o ano anterior por 12, sen que o custe destas analíticas superase en ningún caso a dotación orzamentaria prevista para cada anualidade.

2. Recoller as mostras do leite procedentes do Control Leiteiro Oficial nos puntos de recollida establecidos a tal efecto e repartidos por toda a xeografía de Galicia en función das explotacións gandeiras en control.

3. Transportar as mostras nun medio refrixerado dende os puntos de recollida e con destino directo ao laboratorio.

4. Recoller as mostras cunha frecuencia mínima de 3 días por semana, e entregar á Consellería do Medio Rural un calendario cos días e puntos de recollida.

5. Realizar informes sobre a calidade físico-química do leite individual de todas as vacas en control leiteiro oficial de Galicia e ata un máximo de 12 controis por vaca e lactación.

6. Entregar os informes a través do correo electrónico, nun ficheiro ASCII, enviando a información analizada a diario, xunto coas incidencias das mostras, ao día seguinte da realización das análises, excepto as realizadas os venres e sábados de cada semana que se enviarán o luns seguinte. Nos casos de atraso o LIGAL presentará un informe escrito ante a Consellería do Medio Rural no que xustifique dito atraso e os medios aportados para restablecer a situación normal no tempo máis curto posible.

7. Dispor de programas informáticos e elementos necesarios para a identificación electrónica de cara á captación informatizada dos datos xerados nos correspondentes analizadores. As mostras de leite irán nun frasco plástico identificadas cunha etiqueta de código de barras que identifica a cada unha delas e que permitirá o rexistro electrónico dos resultados das análises, e que xerarán o ficheiro que será enviado á Consellería. Naqueles casos das mostras non identificadas coa correspondente etiqueta, o laboratorio deberá achegar manualmente ao resultado da análise o número identificativo da mostra co fin de xerar os ficheiros correspondentes a este tipo de mostras.

8. Aportar os pousatubos para o transporte das mostras contidas nos envases de plástico, cos conservantes necesarios e as etiquetas para a súa identificación.

9. Realizar unha análise por cada mostra recibida coas seguintes determinacións

- Composición química: graxa, proteína e sólidos totais.





- Determinacións do estado sanitario: recuento de células somáticas.

10. As análises serán realizadas en menos de 36 horas dende a recepción das mostras nos puntos de recollida.

11. Facer as calibracións periódicas dos equipos para o seu mantemento en condicións idóneas de cara á realización das análises. Neste senso, o laboratorio proporcionará toda a información que os técnicos da Consellería precisen para comprobar o bo funcionamento dos equipos.

TERCEIRA. Obrigas da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural, como responsable da autorización das entidades de control e da realización dos controis oficiais sobre o control leiteiro oficial, respecto á colaboración na realización das análises das mostras de leite dos controis leiteiros oficiais comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

1. Facilitar ao LIGAL os ficheiros informáticos cos datos das explotacións en control, así como as altas, baixas e cambios de titularidade que se produzan no tempo de duración do convenio.

2. Uniformar os documentos de traballo e o contido dos ficheiros informáticos empregados pola Consellería do Medio Rural e o LIGAL para obter a maior operatividade na xestión e procesado dos datos.

3. Elaborar as instrucións para a correcta execución da toma de mostras, de xeito que se adapte aos protocolos de actuación do laboratorio.

4. Supervisar que a toma de mostras se realiza de acordo coas instrucións enviadas.

5. Elaborar e actualizar o mapa cos puntos de recollida repartidos por toda a xeografía galega. Para adaptarse ao fluxo de explotacións que entren a formar parte ou ben abandonen o programa oficial de control leiteiro e poder así optimizar os medios, será a encargada de actualizar as modificacións do mapa, sempre consensuadas co LIGAL. O número non será en ningún caso inferior a trinta (30) repartidos por toda a xeografía galega.

6. Recibir a información xerada polos estudos das mostras para o seu procesado e depurado.

CUARTA. Financiamento

A Consellería do Medio Rural financiará parcialmente as analíticas das mostras de leite do control leiteiro oficial realizadas con posterioridade á sinatura do convenio a razón de 0,38€ por mostra analizada (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.713C.640.8. O importe total ascende a dous millóns oitocentos oitenta mil euros





(2.880.000,00 €). Este orzamento distribuirase coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

2025: 720.000,00 €

2026: 720.000,00 €

2027: 720.000,00 €

2028: 720.000,00 €

Esta cifra só cobre os custos de realización da actividade para cada unha das anualidades.

Este convenio tramítase de acordo co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2025.

Achégase, no anexo ao texto do convenio, o cadro orzamentario coas actuacións a desenvolver polo LIGAL coa análise dos custos.

QUINTA. Xustificación

O LIGAL presentará mensualmente perante a Subdirección Xeral de Gandería da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, a memoria das actuacións realizadas acompañada da factura correspondente. Unha vez certificados os traballos polo subdirector xeral de Gandería, procederase ao seu pagamento.

A Consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coas actividades realizadas no marco do convenio e emitirá informe de conformidade coas actuacións levadas a cabo.

Toda a documentación incluídана xustificación presentarse por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

SEXTA. Relacións laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados do LIGAL que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

SÉTIMA. Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento do presente convenio de colaboración poderase constituír unha comisión de seguimento integrada por un representante de cada institución asinante.





Esta comisión encargárase, así mesmo, de establecer e definir criterios e pautas de actuación a seguir, así como de levar a coordinación, a supervisión técnica das accións previstas no convenio e os resultados acadados.

Ademais, a Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

OITAVA. Controis

A Consellería do Medio Rural exercerá o seguimento e control das actuacións obxecto de convenio co persoal técnico da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

O LIGAL comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia e do Consello de Contas.

NOVENA. Propiedade intelectual e publicidade

A propiedade intelectual dos traballos e dos datos obtidos no desenvolvemento do presente convenio pertencerá á Consellería do Medio Rural. O Laboratorio non poderá facer uso da información xerada por estes estudos nin entregala a outra persoa distinta da que representa á Consellería, agás coa autorización expresa e escrita.

En calquera caso, a difusión por calquera das partes de información relativa ao presente convenio deberá facer mención expresa a este.

Nos documentos e carteis executados en desenvolvemento do presente Convenio, faranse constar os símbolos de identidade corporativa das entidades intervenientes consonte co disposto no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

DÉCIMA. Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina





<https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.

DÉCIMO PRIMEIRA. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia

A duración do presente convenio, que producirá efectos dende a súa sinatura, que en ningún caso será anterior ao 1 de xaneiro de 2025, ata o 31 de decembro de 2028, asíñase para o período 2025-2028. En ningún caso se admitirán gastos anteriores ao 1 de xaneiro de 2025.

DÉCIMO TERCEIRA. Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DECIMO CUARTA. Natureza e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.





Este Convenio rexeráse polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto nas súas cláusulas estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e demais normativa de aplicación.

As partes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do convenio, e que non poidan ser dirimidas pola comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente o presente convenio de colaboración.

Pola Consellería do Medio Rural
A conselleira do Medio Rural

María José Gómez Rodríguez

Polo LIGAL
O director xerente do LIGAL

Roberto Lorenzana Fernández





ANEXO. CADRO DE CUSTOS ANUAIS ESTIMADOS

CONCEPTO	TIPO DE GASTO	EUR	EUR/mostra
CUSTES DIRECTOS ANÁLISE MILKOSCAN + FOSSOMATIC	Persoal técnico	150.334,06	0,0793
	Materiais, funxibles e outros	68.141,78	0,0360
	Amortización	53.592,48	0,0283
	TOTAL CUSTES DIRECTOS (sen IVE)	272.068,32	0,1436
CUSTES INDIRECTOS CONTROL LEITEIRO	Mostraxe, transporte, recepción e clasificación	154.182,64	0,0814
	Proceso de datos: hardware, software, procesado, análise e envío de datos.	35.154,35	0,0186
	Controis de calidade en procesos analíticos e documentais.	5.704,58	0,0030
	Mantemento de equipos de análise e instalacións.	41.655,40	0,0220
	Administración e dirección.	86.276,03	0,0455
	TOTAL CUSTES INDIRECTOS (sen IVE)	322.973,01	0,1705
CUSTE TOTAL (sen IVE)		595.041,32	0,3140
CUSTE TOTAL (con IVE)		720.000,00	0,3800

